



Expediente: *Prestación do servizo da “Diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas”*

Asunto: *Valoración dos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (sobre nº 2)*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico en relación a valoración dos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (sobre nº 2) do procedemento de contratación para a prestación do servizo da **“Diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas”**, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/75/2018.

Apertura sobres nº 1 e nº 2

Con data 26/11/2019 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura dos sobres nº 1 e nº 2 dos licitadores presentados, resultando admitidos todos eles trala análise formal da súa documentación.

Con data 26/11/2019 recibíuse correo electrónico da Sección municipal de Contratación incluíndo enlace para a descarga dos ficheiros electrónicos que conforman a documentación dos sobres nº 2 para a emisión do correspondente informe técnico de valoración dos seguintes licitadores:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	
	COMPLETO	ABREVIADO
1	QUADRADO VERDE, S.L.	QUADRADO
2	INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L.	INOR
3	INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U.	IPRENOR
4	UTE TERRAE GEOCONSULTING, S.L. TIPOLOGÍAS ESTRUCTURALES EN MADERA, HORMIGÓN Y ACERO, S.L.	TERRAE-TEMHA

Durante o proceso de análise da documentación remitida pola mesa de contratación, non se detectaron incidencias que apuntar.

Análise e avaliación da documentación

De acordo co establecido na cláusula 10 e no apartado 9.1 do anexo 0 do PCAP da licitación, procedeuse ao análise e avaliación da documentación do sobre nº 2 dos licitadores que non foron excluídos pola mesa de contratación.

Como anexo ao presente informe técnico, achéganse as seguintes táboas:

- Análise técnico da documentación dos sobres nº 2 (cláusula 13.3 e apartado 13 do anexo 0) en relación cos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (cláusula 10 e apartado 9.1 do anexo 0) segundos os contidos establecidos no apartado 9.1.3 do anexo 0 do

PCAP. Na mesma se expón os elementos mais significativos da documentación de cada licitador que determinaron a elección da valoración (VCC_i) de cada un dos criterios previstos no PCAP.

- Calificación técnica da documentación dos sobres nº 2 (cláusula 13.3 e apartado 13 do anexo 0) segundo os elementos para valorar os criterios previstos no apartado 9.1.4 do anexo 0 do PCAP.

Preséntase a continuación para a consideración da mesa de contratación a proposta de valoración (VCC_i) dos sobres nº 2 (cláusula 13.3 e apartado 13 do anexo 0) en relación cos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor (cláusula 10 e apartado 9.1 do anexo 0) segundo o procedemento de avaliación establecido no apartado 9.1.5.1 do anexo 0 do PCAP.

CRITERIOS VALORACIÓN	1 QUADRADO	2 INOR	3 iPRENOR	4 TERRAE-TEMHA
1. Memoria	5	9	6	3
2. Plan de calidade	2	6	4	2
3. Tecnoloxía e I+D+i	1	2	0	1

Puntuación dos criterios de valoración dependentes dun xuízo de valor, puntuacións totais e exclusións

As puntuacións para cada un dos licitadores non excluídos dos criterios de valoración dependentes dun xuízo de valor ($PCC_{i,j}$) e a súa puntuación total ($PCC_{T,j}$), aplicando as fórmulas previstas nos apartados 9.1.5.2 e 9.1.5.3 do anexo 0 do PCAP, é a seguinte:

CRITERIOS VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	$VCC_{i,max}$	$PCC_{i,j}$			
			1 QUADRADO	2 INOR	3 iPRENOR	4 TERRAE-TEMHA
i	$PCC_{i,max}$					
1. Memoria	70	9	38,89	70,00	46,67	23,33
2. Plan de calidade	10	6	3,33	10,00	6,67	3,33
3. Tecnoloxía e I+D+i	20	2	10,00	20,00	0,00	10,00
PCC_T	100		52,22	100,00	53,34	36,66

No apartado 9.1.1 do anexo 0 do PCAP establécese que “Se excluirán as ofertas cuxa puntuación total ($PCC_{T,j}$) sexa inferior ao 50% da puntuación do conxunto dos criterios cualitativos que dependen dun xuízo de valor (50 puntos)”. Na situación antedita, atópase a oferta presentada pola UTE TERRAE GEOCONSULTING, S.L. – TIPOLOGÍAS ESTRUCTURALES EN MADERA, HORMIGÓN Y ACERO, S.L. (36,66 puntos).

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís

ANÁLISE TÉCNICO SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3 e anexo 0.13) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR (cláusula 10 e anexo 0.9.1)

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	1 QUADRADO
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (i) DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	
1. Memoria	
• Descrición contido, alcance e desenvolvemento traballos	Contexto: apunte histórico urbanístico que non é obxecto do contrato licitado. Construción muros: errónea interpretación técnica da problemática existente. Estado actual e prensa: información non relevante ao obxecto do contrato licitado. Non aporta a documentación requirida no PCAP para o apartado.
• Melloras e compromisos técnicos adicionais	As melloras propostas ou ben son requirimentos do PPTP ou ben non son relevantes para o obxecto do contrato licitado.
• Organigrama con tempos de dedicación ao contrato	O organigrama presentado é o da empresa pero non o requirido para o desenvolvemento do contrato licitado. Os tempos de dedicación propostos son dos departamentos da empresa e non os dos técnico propostos para o contrato licitado. Non figuran técnicos adscritos ao contrato licitado.
• Programa traballos e camiño crítico actividades	Fase I: expón xeneralidades relativas ao deseño e cálculo de muros e estudos xeotécnicos que non aportan información relevante ao obxecto do contrato licitado. Fase II: a información apuntada é xenérica para o obxecto do contrato licitado. Fase II: o contido presentado é moi breve e non permite a súa avaliación. Cronograma, diagrama de Gantt e camiño crítico: non están debidamente fundamentados.
• Outros apartados	Non achega documentación.
2. Plan de calidade	
• Medidas propostas para controlar e garantir calidade traballos	A información é xenérica e non se corresponden cun plan de calidade para os traballos do contrato licitado.
• Certificado acreditación sistema calidade	Non achega documentación.
• Outros apartados	Non achega documentación.
3. Tecnoloxía e I+D+i	
• Tecnoloxía disposta e aplicable as actividades do contrato	Tecnoloxía moi básica para a realización de traballos técnicos en gabinete e en campo.
• Descrición sistema xestión e proxectos aplicables I+D+i ao contrato	Non achega documentación.
• Certificados acreditación xestión ou proxectos I+D+i	Non achega documentación.
• Outros apartados	Non achega documentación.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	2 INOR
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (i) DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	
1. Memoria	
• Descrición contido, alcance e desenvolvemento traballos	Descrición situación actual: adecuada identificación da zona, dos muros e das súas diversas problemáticas. Metodoloxía execución: adecuada proposta de execución para cada unha das fases previstas no PPTP.
• Melloras e compromisos técnicos adicionais	Melloras avaliáveis: SIX e xestión documental.
• Organigrama con tempos de dedicación ao contrato	Achega a información requirida que é adecuada ao obxecto do contrato licitado.
• Programa traballos e camiño crítico actividades	Achega a información requirida que é adecuada ao obxecto do contrato licitado.
• Outros apartados	Non achega documentación.
2. Plan de calidade	
• Medidas propostas para controlar e garantir calidade traballos	Achega documentación xenérica dun sistema de calidade para a realización de traballos técnicos.
• Certificado acreditación sistema calidade	Presenta certificado UNE-EN ISO 9001:2015 en vigor (15/12/2019) a data límite de presentación de ofertas (22/11/2019).
• Outros apartados	Non achega documentación.
3. Tecnoloxía e I+D+i	
• Tecnoloxía disposta e aplicable as actividades do contrato	Software SIX comercial externo.
• Descrición sistema xestión e proxectos aplicables I+D+i ao contrato	Non achega documentación.
• Certificados acreditación xestión ou proxectos I+D+i	Non achega documentación.
• Outros apartados	Non achega documentación.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	3
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (i) DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	iPRENOR
1. Memoria	
• Descrición contido, alcance e desenvolvemento traballos	A documentación presentada é xenérica para o análise de muros de contención e non está particularizada para o obxecto do contrato licitado.
• Melloras e compromisos técnicos adicionais	Estudo xeotécnico e medicións con células de presión estatisticamente non significativas.
• Organigrama con tempos de dedicación ao contrato	Organigrama moi básico e sen tempos de dedicación dos técnicos ao contrato licitado.
• Programa traballos e camiño crítico actividades	Programa de traballos e camiño crítico non fundamentados, xenéricos para o análise de muros de contención e non están particularizados.
• Outros apartados	Non achega documentación.
2. Plan de calidade	
• Medidas propostas para controlar e garantir calidade traballos	Control interno xenérico e moi breve. Control externo por laboratorio non definido e proposta de análises de control.
• Certificado acreditación sistema calidade	Non achega documentación.
• Outros apartados	Non achega documentación.
3. Tecnoloxía e I+D+i	
• Tecnoloxía disposta e aplicable as actividades do contrato	Non aplicable ao obxecto do contrato licitado. A proposta de seguimento do contrato é unha nube xenérica para compartir ficheiros informáticos.
• Descrición sistema xestión e proxectos aplicables I+D+i ao contrato	Non achega documentación.
• Certificados acreditación xestión ou proxectos I+D+i	Non achega documentación.
• Outros apartados	Non achega documentación.

DOCUMENTACIÓN SOBRE Nº 2	4
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (i) DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR	TERRAE-TEMHA
1. Memoria	
• Descrición contido, alcance e desenvolvemento traballos	Análise breve da zona e da problemática dos muros. Desenvolvemento breve dos traballos a realizar e con erros técnicos conceptuais.
• Melloras e compromisos técnicos adicionais	Non achega documentación.
• Organigrama con tempos de dedicación ao contrato	Non achega documentación.
• Programa traballos e camiño crítico actividades	O programa de traballos é moi básico e parcialmente incoherente para os traballos previstos no PPTP. Non achega camiño crítico.
• Outros apartados	Non achega documentación.
2. Plan de calidade	
• Medidas propostas para controlar e garantir calidade traballos	A documentación presentada é xenérica e inespecífica e non é a requirida no PCAP para o apartado. Non achega medidas para controlar a calidade dos traballos.
• Certificado acreditación sistema calidade	Non achega documentación de Terrae. Presenta certificado UNE-EN ISO 9001:2015 de Temha en vigor (07/09/2021) a data límite de presentación de ofertas (22/11/2019).
• Outros apartados	Non achega documentación.
3. Tecnoloxía e I+D+i	
• Tecnoloxía disposta e aplicable as actividades do contrato	Presenta listado xenérico de software técnico.
• Descrición sistema xestión e proxectos aplicables I+D+i ao contrato	Non achega descrición específica do seu sistema de xestión de I+D+i (a documentación é descritiva e xenérica). Os proxectos propostos correspondentes a Temha de I+D+i (pilote-lámina / acceso/modularidade enerxía limpa) non son aplicables ao obxecto do contrato.
• Certificados acreditación xestión ou proxectos I+D+i	Presenta certificados acreditativos dos proxectos I+D+i de Temha.
• Outros apartados	Non achega documentación.

VALORACIÓN ELEMENTOS SOBRE Nº 2 (cláusula 13.3 e anexo 0.13) EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR (cláusula 10 e anexo 0.9.1)

CRITERIOS VALORACIÓN (i)	1 QUADRADO	2 INOR	3 IPRENOR	4 TERRAE-TEMHA
1. Memoria				
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valoración xeral <ul style="list-style-type: none"> • Adaptación ao contido requirido no PCAP • Coherencia documentos • Particularización aos traballos a realizar 	Baixa Baixa Baixa	Alta Alta Alta	Media Baixa Media	Baixa Baixa Baixa
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valoración específica <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento obxecto contrato, zona actuación e outros condicionantes externos • Coherencia metodoloxía proposta e adecuación ao PPTP • Claridade planificación traballos e adecuación equipos materiais e humanos adscritos • Aplicabilidade melloras e compromisos técnicos adicionais 	Baixa Media Baixa Non	Alta Alta Alta Media	Non Media Media Non	Baixa Baixa Non Non
2. Plan de calidade				
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valoración xeral <ul style="list-style-type: none"> • Adaptación ao contido requirido no PCAP • Coherencia documentos • Particularización aos traballos a realizar 	Baixa Baixa Non	Media Media Baixa	Baixa Baixa Non	Non Baixa Non
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valoración específica <ul style="list-style-type: none"> • Alcance proposto da calidade a conseguir • Existencia medios independentes para asegurar a calidade • Controis calidade propostos polo licitador • Certificados vixentes sistema xestión calidade do licitador 	Baixa Non Non Non	Media Non Baixa Si	Baixa Baixa Baixa Non	Non Non Non Non / Si
3. Tecnoloxía e I+D+i				
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valoración xeral <ul style="list-style-type: none"> • Adaptación ao contido requirido no PCAP • Coherencia documentos • Particularización aos traballos a realizar 	Baixa Non Non	Baixa Non Non	Non Non Non	Non Non Non
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valoración específica <ul style="list-style-type: none"> • Aplicabilidade potencial tecnoloxía e proxectos I+D+i ao contrato • Nivel tecnoloxía e proxectos I+D+i do licitador aplicables ao contrato • Tecnoloxías ofertadas mellor seguimento traballos polo Concello • Acreditación e vixencia sistema e proxectos I+D+i, especialmente UNE 166000 	Baixa Non Non Non	Baixa Non Non Non	Non Non Non Non	Non aplicables Non aplicables Non Non